

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Listas definitivas - Funcionarización - Arquitecta/o técnica/o

EXPEDIENTE: 2023/G003/001043

Vista a Resolución da Alcaldía nº 364/2023, de 20 de marzo, pola que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, funcionarización, dunha (1) praza de arquitecta/o técnica/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 69, de 12 de abril de 2023, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 92, de 15 de maio de 2023, e no Boletín Oficial do Estado, número 128, de 30 de maio de 2023.

Considerando que con data 12 de agosto de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, funcionarización, dunha (1) praza de arquitecta/o técnica/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME DE LINGUA	
			GALEGA	LINGUA EXERCICIOS
CASTRO MARTÍNEZ	LUIS JAVIER	***7831**	EXENTO	GALEGO

Segundo.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o día 11 de setembro de 2023 ás 10.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: www.teo.gal e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz